<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
10	Where do you have fun in the summer?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás.	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escribe con axuda, palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a primeiro de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.

- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- **B u s c a r a i d e n t i f i c a c i ó n p e r s o a - l i n g u a**, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .

- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é ?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.).

Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadora teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do

cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpran cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

-Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitirálles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual

as outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, proponendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas en esa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas en esa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

-Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.
- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente

partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
3-Libro de texto.
1-Páxinas web de xogos online.
2-Historias e contos publicados na rede.
4-Xogos de mesa e xogos físicos. TPR
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11-Videos.
12-Rimas e cancións.
13-Actividades DUA.

1. Libro de texto: Kids Can 2, da Editorial Macmillan

2. Páxinas web de xogos online:
 Wordwall
 Liveworksheets
 Genially
 British council
 Games to learn English Types of games:
 -Memory.
 -Drag it.
 -Teacher (your name) says .
 -Match it.
 -Guess it.
 -What's missing?

3. Historias e contos publicados na rede:

4 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos pol

o alumnado)

De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- * adiviñar a tarxeta;
- * memory game;
- * facer parellas
- * xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: https://www.canva.com/es_419/
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14- Os libros de texto que nos sirven de guía e apoio, témolos tamén en formato dixital

- ¿ Libros da biblioteca de aula: libros de texto, caderno do alumno/a, diccionario¿
- ¿ Fichas elaboradas polo/a mestre/a.
- ¿ Fichas sacadas de libros de texto ou doutros libros.
- ¿ Fichas sacadas de diversos materiais didácticos.
- ¿ Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.
- ¿ Láminas, cards¿
- ¿ Cadea musical.
- ¿ Encerado dixital.
- ¿ Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital.
- ¿ CDs audio, CD-ROMs de recursos didácticos, DVDs, webs 2.0.
- ¿ Materiais complementarios.
- ¿ Aula Virtual
- ¿ Web dinámica CEP Sequelo
- ¿ E-mail

- ¿ Vídeos de: Youtube, ESL games¿
- ¿ Lecturas: Lyrics training, Wordcloud, Storyline Online¿
- ¿ Cuestionarios: Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet
- ¿ Webs con xogos/fichas interactivos: British Council¿
- ¿ Webs/blogs específicos de Inglés.
- ¿ Class tools, Genialy, Educandy

reading corner: diferentes tipos de libros en Inglés adecuados a nuestros alumnos.....

training corner: flashcards, pictures, worksheets,, different games...

ICT corner .

Dramar corner

Tarxetas, parchís, ladder and snakes, memory cards...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	13	4	13	4	13	4	13	13	13
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establecerémolos utilizando:

Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo roleplays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada

alumno e aluma desde o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada alumno e aluma desde o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias neste remate do curso.

Crterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Do mesmo xeito que se considera a avaliación coma un proceso continuo, a recuperación da materia tamén o é e lévase a cabo ao longo de todo o curso, apoiando e/ou reforzando naqueles aspectos do alumno/a máis deficitarios. Así quedará reflectido no informe de avaliación cales son os aspectos susceptibles de mellora, e realizará as actividades de reforzo propostas para tal efecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación ten en conta os diversos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as; non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito ou ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas características físicas nin habilidades innatas. Por iso, cada actividade das que se propoñen pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e esixencia, estando apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Prestaremos atención personalizada aos alumnos e alumnas e colaboraremos na realización de diagnósticos precoces e a aplicación de medidas adaptadas a nenos e nenas que requiran de tratamento particular.

Para levar a cabo esta atención personalizada, fixarémonos nos seguintes aspectos principalmente:

- Os materiais e recursos: que sexan visuais, de liñas claras, atractivos, facilmente manexables e variados en relación a todos e cada un dos temas de traballo;
- As actividades de cada sesión: que sexan de duracións variables, flexibles na duración e o desempeño;
- O nivel de esixencia na intervención dos nenos e nenas en cada actividade: que sexa flexible.

Atención aos nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Incluirémolos nas actividades colectivas, de grupo, asignándolles sempre o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

Atención aos nenos e nenas con trastornos de conduta:

- Buscaremos a coordinación co equipo de profesorado do grupo e a orientadora do centro de tal xeito que consigamos incluílos nas actividades de aula.

Atención aos nenos e nenas con nivel de adquisición da lingua estranxeira ou de capacidade de desempeño de tarefa s determinadas por riba da media da aula:

- Teremos follas de actividades preparadas para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis

rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos-as coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións algo máis complexas das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Se fora posible farán uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

En definitiva, ao longo do curso levaremos a cabo propostas para atender ó alumnado real que teñamos en cada aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.		X						
ET.2 - Os dereitos da infancia.		X						
ET.3 - Educación para a Paz.			X		X			
ET.4 - Educación ambiental. A importancia o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.						X		
ET.5 - Educación para a saúde.								
ET.6 - Educación emocional e valores.	X	X						

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	
ET.3 - Educación para a Paz.	X	
ET.4 - Educación ambiental. A importancia o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X
ET.5 - Educación para a saúde.	X	
ET.6 - Educación emocional e valores.	X	

Observacións:

Nesta programación intégranse todo tipo de temas transversais no proceso de aprendizaxe, de maneira que en todas as unidades trátanse temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde, a educación para o consumidor e a educación para o lecer.

Escóllense os temas a tratar no momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e tit ora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas al centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores..	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa Le	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares desta área serán organizadas en colaboración co resto do centro, estarán sempre enfocadas de tal xeito que melloren e axuden a adquirir os coñecementos básicos establecidos e propóñense saídas ao entorno, participación en festivais, visitas de persoas que o equipo docente estimen interesantes e oportunas en relación cos temas que se estean traballando, teatro, intercambios lingüísticos, actividades organizadas polo centro, por outros centros, polo concello, outras institucións.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Adecuación da programación didáctica ao contexto da aula.
Metodoloxía empregada
Conseguíronse bo resultados na materia.
Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado de nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Contouse co apoio e implicación das familias.

Descrición:

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, así como o propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores van asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un, nos que recolleremos o grao de consecución dos mesmos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta son: Ao remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados